

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

4668 *Real decreto 304/2015, do 24 de abril, polo que se modifica o Real decreto 161/2008, do 8 de febreiro, polo que se delimita a zona de promoción económica da Comunidade Autónoma de Galicia.*

Mediante o Real decreto 161/2008, do 8 de febreiro, delimitábase a zona de promoción económica en Galicia conforme o disposto no Real decreto 899/2007, do 6 de xullo, polo que se aproba o Regulamento dos incentivos rexionais, de desenvolvemento da Lei 50/1985, do 27 de decembro.

O artigo 5.1 do Real decreto 161/2008, do 8 de febreiro, establece que «o prazo de vixencia da presente zona de promoción económica, para os efectos de solicitar as axudas que se determinan neste real decreto, finalizará o próximo día 31 de decembro de 2013».

No entanto, en virtude da habilitación conferida á Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos tanto polo artigo 5.2 do Regulamento dos incentivos rexionais, de desenvolvemento da Lei 50/1985, do 27 de decembro, como polo artigo 5.2 do Real decreto 161/2008, do 8 de febreiro, por Acordo da dita Comisión Delegada do Goberno, do 4 de decembro de 2013 (publicado no «BOE» do día 30 de decembro de 2013), este prazo foi ampliado ata que se aproben os novos reais decretos de delimitación das diferentes zonas ou se modifiquen os actualmente en vigor, para os efectos de solicitar as axudas.

No «Diario Oficial de la Unión Europea» do pasado día 23 de xullo de 2013 publicáronse as directrices sobre as axudas estatais de finalidade rexional para 2014-2020 (2013/C 209/01). Estas novas directrices, ademais da transitoriedade do Real decreto 161/2008, do 8 de febreiro, fan necesario modificalo para continuar aplicando nesta zona de promoción económica a política de incentivación rexional, co obxecto de favorecer o seu desenvolvemento fomentando a actividade económica, adaptándoa ás novas directrices comunitarias, e dentro dos límites aprobados pola Decisión da Comisión Europea Axuda Estatal SA.38472 (2014/N), do 21 de maio de 2014, pola que se aproba o Mapa de axudas rexionais de España para o período comprendido entre o 1 de xullo de 2014 e o 31 de decembro de 2020.

Cumpríronse, logo do coñecemento da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, as actuacións do Consello Reitor de Incentivos Rexionais e da Comunidade Autónoma de Galicia, previstas no Regulamento dos incentivos rexionais, de desenvolvemento da Lei 50/1985, do 27 de decembro.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 24 de abril de 2015,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 161/2008, do 8 de febreiro, polo que se delimita a zona de promoción económica da Comunidade Autónoma de Galicia.*

O Real decreto 161/2008, do 8 de febreiro, polo que se delimita a zona de promoción económica da Comunidade Autónoma de Galicia, queda modificado como segue:

Un. O número 1 do artigo 2 queda redactado da seguinte forma:

«1. Os incentivos rexionais que se poderán conceder na dita zona non poderán exceder as porcentaxes máximas sobre o investimento aprobado que se mencionan a continuación:

a) Desde o 1 de xullo de 2014 ata o 31 de decembro de 2017, do 15 por cento para grandes empresas, do 25 por cento para medianas empresas e do 35 por cento para pequenas empresas.

b) Desde o 1 de xaneiro de 2018 ata o 31 de decembro de 2020, do 10 por cento para grandes empresas, do 20 por cento para medianas empresas e do 30 por cento para pequenas empresas.

No caso de proxectos cun investimento aprobado superior a 50 millóns de euros, as ditas porcentaxes máximas fixaranse conforme o establecido para os grandes proxectos de investimento nas directrices sobre as axudas estatais de finalidade rexional para 2014-2020.»

Dous. O número 2 do artigo 3 queda redactado da seguinte forma:

«2. A Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, por proposta do Consello Reitor, logo de informe da Comunidade Autónoma, poderá establecer zonas específicas dentro das zonas prioritarias a que se refire o punto anterior. O Consello Reitor poderá propor, dentro das citadas zonas específicas, a aplicación de porcentaxes de subvención a que se refire o artigo 11.c) deste real decreto máis favorables, así como o seu período de aplicación, respectando sempre o límite máximo establecido no artigo 2 deste real decreto.»

Tres. O número 1 do artigo 5 queda redactado da seguinte forma:

«1. O prazo de vixencia da presente zona de promoción económica, para os efectos de solicitar as axudas que se determinan neste real decreto, finalizará o día 31 de decembro de 2020.»

Catro. O artigo 8 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 8. *Tipos e dimensións mínimas dos proxectos.*

1. Poderánselles conceder os incentivos rexionais, na zona de promoción económica da Comunidade Autónoma de Galicia, ás empresas solicitantes que realicen proxectos de investimento dos seguintes tipos e dimensións:

a) Proxectos de creación de novos establecementos, tal como se definen no artigo 7.2 do regulamento aprobado polo Real decreto 899/2007, do 6 de xullo, cun investimento aprobado igual ou superior a 900.000 euros, sempre que xeren novos postos de traballo.

b) Proxectos de ampliación, tal como se definen no artigo 7.3 do regulamento aprobado polo Real decreto 899/2007, do 6 de xullo, cun investimento aprobado cuxa contía sexa significativa en relación co inmovilizado material do establecemento e, en todo caso, igual ou superior a 900.000 euros, sempre que supoñan un aumento significativo da capacidade produtiva, que superen determinada porcentaxe sobre a dotación para amortizacións do establecemento e que xeren novos postos de traballo e manteñan os existentes.

c) Proxectos de modernización, tal e como se definen no artigo 7.4 do regulamento aprobado polo Real decreto 899/2007, do 6 de xullo, cuxo investimento aprobado sexa significativo en relación co inmovilizado material do establecemento, que deberá ser, en todo caso, igual ou superior a 900.000 euros, sempre que cumpran as seguintes condicións:

1.º Que o investimento constituía unha parte importante do inmovilizado material e que supere determinada porcentaxe sobre a dotación para amortizacións do establecemento que se moderniza e que implique a adquisición de maquinaria tecnoloxicamente avanzada que produza un incremento sensible da produtividade.

2.º Que o investimento dea lugar á diversificación da produción dun establecemento para atender mercados de produtos novos e adicionais ou supoña unha transformación fundamental no proceso global de produción dun establecemento existente.

3.º Que se manteñan os postos de traballo existentes.

2. No caso das grandes empresas, só se poderán conceder axudas para investimentos iniciais que atraian novas actividades, ou para a diversificación de establecementos existentes en novos produtos ou novos procesos innovadores.

3. O Consello Reitor establecerá os criterios con respecto á contía que se considerará significativa, sobre o investimento aprobado, en relación co activo inmovilizado material do establecemento, o incremento da capacidade de produción e de produtividade e as porcentaxes sobre a dotación de amortizacións do establecemento, indicado en puntos anteriores.»

Cinco. O artigo 9 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 9. *Requisitos dos proxectos.*

1. Os proxectos de investimento que pretendan acollerse aos beneficios previstos nesta zona de promoción económica deberán cumprir, ademais, os seguintes requisitos:

a) Ser viables técnica, económica e financeiramente.

b) Autofinanciarse, polo menos, nun 25 por cento do seu investimento aprobado. Ademais, a empresa deberá contar cun nivel mínimo de fondos propios que será fixado na resolución individual de concesión, de acordo cos criterios que fixe respecto diso o Consello Reitor de Incentivos Rexionais.

c) O investimento só se poderá iniciar despois da presentación da solicitude de incentivos rexionais.

Por «inicio dos investimentos» enténdese ou ben o inicio dos traballos de construción no investimento, ou ben o primeiro compromiso en firme para o pedido de equipamentos ou outro compromiso que faga o investimento irreversible, se esta data é anterior. A compra de terreos e os traballos preparatorios como a obtención de permisos e a realización de estudos previos de viabilidade non se consideran o inicio dos traballos.

d) A axuda debe ter un efecto incentivador, consistente en que o solicitante que emprenda o proxecto non o tería realizado sen a axuda, ou só o tería emprendido dunha maneira limitada ou diferente ou noutro lugar, polo que, xunto co requisito mencionado no parágrafo anterior, ao solicitar a axuda débese explicar que efecto sobre a decisión de investir ou sobre a decisión de localizar o investimento se tería producido se non se recibisen os incentivos rexionais. Ademais, as grandes empresas deben presentar probas documentais que apoien o descrito anteriormente.

2. De acordo co artigo 176 do Tratado de funcionamento da Unión Europea, e co disposto nos regulamentos UE n.º 1303/2013 e UE n.º 1301/2013, todo proxecto aprobado por incentivos rexionais que sexa susceptible de ser incluído dentro dun programa operativo ou outra forma de intervención do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional será cofinanciado por este e o seu titular asumirá a condición de beneficiario do fondo e deberá cumprir todas as obrigas derivadas da dita condición.»

Seis. As alíneas c), d) e e) do artigo 10 quedan redactadas da seguinte forma:

«c) No caso das pequenas e medianas empresas, ata o 50 por cento dos custos derivados dos estudos previos do proxecto, entre os cales se poden incluír: traballos de planificación, enxeñaría de proxecto e dirección facultativa dos proxectos.

d) Activos inmateriais, coa condición de que non excedan o 30 por cento do total do investimento incentivable, se utilicen exclusivamente no centro onde se realice o proxecto, sexan inventariables, amortizables e se adquiran en condicións de mercado a terceiros non relacionados co comprador.

e) Outros conceptos, excepcionalmente. Apreciarase a excepcionalidade naqueles proxectos de carácter singular pola natureza do investimento.»

Sete. A alínea b) do número 1 do artigo 12 queda redactada da seguinte forma:

«b) O solicitante deberá acreditar ante a Comunidade Autónoma que os investimentos non se iniciaron antes da presentación da solicitude de incentivos rexionais mediante declaración responsable de «non inicio dos investimentos», conforme o modelo establecido pola Dirección Xeral de Fondos Comunitarios. Así mesmo, a Comunidade Autónoma poderá solicitar acta notarial de presenza ou realizar unha comprobación física sobre o terreo, para efectos de verificar o «non inicio dos investimentos.»

Disposición transitoria única. *Dimensión mínima exigible aos proxectos de investimento en procedementos xa iniciados.*

Aos proxectos de investimento para os cales se solicitaron incentivos rexionais con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto aplicaráselles as dimensións mínimas que se exixían no momento da súa presentación.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación.*

Autorízase o ministro de Facenda e Administracións Públicas para ditar, por proposta do Consello Reitor de Incentivos Rexionais, as disposicións necesarias en desenvolvemento e execución deste real decreto, así como para modificar os límites cuantitativos previstos no artigo 8, números 1, a), b) e c), cando as circunstancias o aconsellen.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 24 de abril de 2015.

FELIPE R.

O ministro de Facenda y Administraciones Públicas,
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO